

Colección: Fondo: Luís Seoane depositado na Fundación Luís Seoane.

Ficha documental da epistola de Luís Seoane, a Domingo García-Sabell do 21/08/1972

Colección:

Data: 21/08/1972

De:

Luís Seoane;

Para:

Domingo García-Sabell;

Orixe:

Bos Aires (de cidade autónoma), Arxentina (nacional), América (continental)

Destino:

Santiago de Compostela (municipal), Santiago de Compostela (comarcal), A Coruña (provincial)

Localización física:Fundación Luis Seoane

Temáticas:

Martín Fierro; Artes; Artes visuais; Emigración; Exposición de Luís Seoane. Bos Aires. 1974; Fábrica de Porcelanas La Magdalena; Migracións;

Mencionados:

Carmen Arias “Mimina”; Xosé Díaz; Isaac Díaz Pardo; Maruxa Seoane; Elena Tormo;

Transcrición da epistola de Luís Seoane, a Domingo García-Sabell do 21/08/1972

Buenos Aires, 21 de Agosto de 1972

Sr.

D. Domingo García Sabell

A Cruña

Querido Domingo:

Recibín a tua carta de fai un mes penso, que agradecín moito coa lista das monografías e álbumes que tes de min. Fáltache algunhas coisas fundamentais, creo, que as remito por correo aparte, ademais de algús libros ilustrados que supoñía tiñas tí. Enviareiche o que poida e non esté agotado. Agora mesmo rematei as ilustracións de *Martín Fierro*, pra unha edición de bibliófilos que sairá a fines de

outubro. Estou ilusionado co que fagas encol do meu traballo. Nós voltaremos en febreiro, cecáis, ou unha ou dúas semáns mais tarde.

De Isaac recibín nos derradeiros tempos a fotocopia dunha carta a Mimina e outra dunha de Xosé a él. Lamentamos moito todo isto. Fainos sufrir. Na que él lle envía a Mimina involúcrame a mín facéndome transmitir ó fillo Camilo que vive na Plata non sei que opinión túa sobor o seu estado de saúde. Escuso decir que todo isto é pura fantasía. Agardei ver a Camilo pra contestar a súa carta e parece ser que xente da fábrica de Magdalena foi a que lle trasmitiu noticias que non viñan de Mimina, senón cuáseque con seguridade dos veciños do Castro. Todo isto é tráxico e a nós, como a todos os amigos, dóenos moito. Con Camilo non comentamos nada das relacións dos pais e con ninguén polo tanto, como podes imaxinar.

Eu estou en plena temporada de traballo. O día 30 inauguro unha nova disposición de óleos e teño en prensa unha carpeta de grabados con tema do noso tempo. Supoño que terías un novo éisito no coloquio de París e logo no de Santiago. Si os publican e están o meu alcance ó leélos pregaríache un exemplar de cada un.

Recibide Elena e ti unha grande aperta de Maruja e miña:

Aviso legal do Consello da Cultura Galega

A difusión dixital deste epistolario e os seus contidos, textos e calquera creación intelectual existente nesta edición están protexidos pola lexislación en materia de propiedade intelectual.

De conformidade co previsto na Lei orgánica 1/1982, do 5 de maio, sobre protección civil do dereito ao honor, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe, quen entenda que os contidos deste epistolario poidan supor unha intromisión ilexítima nos seus dereitos deberá poñelo en coñecemento do Consello da Cultura Galega a fin de adoptar, de ser o caso, as medidas oportunas.

O acceso e uso da edición dixital do Epistolario implica o coñecemento e plena aceptación destas condicións.

Colección "Fondo Fundación Luís Seoane":

A difusión dixital deste epistolario realízase ao abeiro do convenio suscrito polo Consello da Cultura Galega e pola Fundación Luís Seoane con data 4 de decembro de 2008, polo que ambas as dúas institucións comparten a súa titularidade.

A Fundación Luís Seoane, como única depositaria do legado deste persoeiro galego, é a propietaria das cartas deste epistolario, que está integrado tanto pola correspondencia recibida por Luís Seoane como pola remitida por el a outros destinatarios.

Consultas e colaboracións:

Se posúes ou coñeces a existencia de fondos epistolares ou se consideras algunha suxestión sobre as cartas agradecemos a túa colaboración en epistolarios@consellodacultura.gal ou no teléfono 981957208.